Parcelas susceptibles de rega con uso: 123,438910 €/ha.

Tarifa de aplicación:

Parcelas susceptibles de rega sen uso: 82,559771 €/ha.

Parcelas susceptibles de rega con uso: 122,098652 €/ha.

A Secretaría Xeral procederá á emisión das correspondentes liquidacións que serán notificadas a cada un dos afectados, sen prexuízo de publicar esta resolución nos mesmos boletíns oficiais nos que se publicou o estudo económico.

O importe resultante de todas as liquidacións será obxecto de incremento do 4% en concepto de taxa por explotación de obras e servizos, validada polo Decreto 138/1960, do 4 de febreiro (BOE do 5 de febreiro de 1960).

O presidente. Asdo.: José Antonio Quiroga Díaz.

Documento asinado electronicamente.

Confederación Hidrográfica del Miño Sil, O.A.

Presidencia

Ourense

Resolución de la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A. Aprobación definitiva de la liquidación de los cánones de regulación y las tarifas de utilización del agua para los usuarios de obras hidráulicas en el ámbito de la cuenca Miño-Sil, correspondientes al ejercicio 2022.

Una vez sometidos a información pública los valores de los cánones de regulación y las tarifas de utilización del agua para los usuarios de las obras hidráulicas resultantes de los estudios económicos efectuados por el Área de Explotación, con la participación de los órganos representativos de los usuarios y beneficiarios, y transcurrido el plazo concedido sin que se hayan formulado reclamaciones contra los valores, esta Presidencia, a la vista de lo dispuesto en el artículo 309 del Reglamento de Dominio Público Hidráulico, aprobado por el Real Decreto 849/1986, de 11 de abril, ha acordado aprobar los cánones de regulación y las tarifas de utilización del agua, correspondientes al ejercicio económico del año 2022, por los valores que a continuación se indican:

Canon de regulación del embalse de Bárcena y de la tarifa de utilización de la presa de Fuente del Azufre para usuarios hidroeléctricos (León, Lugo, Ourense). Año 2022

1.- Aprovechamiento a pie de presa de Bárcena.

Canon: 0,00426124300 €/kW h

2.- Aprovechamientos de aguas abajo de la presa de Bárcena que no derivan de la presa de Fuente del Azufre.

Canon: 0,00113032712 €/kW h

3.- Aprovechamientos de aguas abajo de la presa de Bárcena que derivan de la presa de Fuente del Azufre.

Canon: 0,00113032712 €/kW h

Tarifa: 0,00157089094 €/kW h

Canon de regulación del embalse de Bárcena y tarifa de utilización del pozo de toma para usos de abastecimientos de agua a poblaciones (León). Año 2022

Canon: 0,00313682879 €/m³

Tarifa: 0,00077837143 €/m³.

Canon de regulación del embalse de Bárcena y tarifa de utilización del pozo de toma para usos industriales (León). Año 2022

Valores del canon de regulación del embalse de Bárcena

Usuarios industriales con consumo: 0,00314058881 €/m³

Usuarios industriales sin consumo: 0,00031404689 €/m³

Valor unitario de la tarifa de utilización del pozo de toma

Usuarios industriales con consumo: 0,00077643466€/m³

Canon de regulación del embalse de Bárcena y de la tarifa de utilización del agua para el regadío de la subzona baja del Bierzo (León). Año 2022

1. Parcelas susceptibles de riego no regadas:

Canon: 5,863626 €/ha.

Tarifa: 6,206767 €/ha.

2. Parcelas susceptibles de riego, entre el 1º y 5º año de riego:

Canon: 5,123057 + 0,362455 x n €/ha.

Tarifa: 9,655261 + 0,315564 x n €/ha.

3. Parcelas susceptibles de riego, entre el 6º y 25º año de riego:

Canon: 6,482261 + 0,090614 x n €/ha.

Tarifa: 10,838626 + 0,078891 x n €/ha.

4. Parcelas susceptibles de riego, a partir del 26º año de riego:

Canon: 8,747602 €/ha.

Tarifa: 12,810901 €/ha.

** Siendo n el número de años de riego de la parcela*



Canon de regulación del embalse de Bárcena y de la tarifa de utilización del agua para el regadío de la subzona alta del Bierzo (Leon). Año 2022

1. Parcelas susceptibles de riego no regadas:

Canon: 8,272458 €/ha.

Tarifa: 26,794676 €/ha.

2. Parcelas susceptibles de riego, entre el 1º y 5º año de riego:

Canon: 11,936796 + 0,322433 x n €/ha.

Tarifa: 40,059106 + 0,384793 x n €/ha.

3. Parcelas susceptibles de riego, entre el 6º y 25º año de riego:

Canon: 13,145918 + 0,080608 x n €/ha.

Tarifa: 41,502080 + 0,096198 x n €/ha.

4. Parcelas susceptibles de riego, a partir del 26º año de riego:

Canon: 15,161122 €/ha.

Tarifa: 43,907036 €/ha.

* Siendo n el número de años de riego de la parcela

Canon de regulación del embalse de Vilasouto para usos de abastecimiento de agua a poblaciones (Lugo). Año 2022

Canon: 0,08167649311 €/m³

Canon de regulación del embalse de Vilasouto y de la tarifa de utilización del agua para el regadío del valle de Lemos (Lugo). Año 2022

Canon de aplicación:

Parcelas susceptibles de riego sin uso: 56,302956 €/ha.

Parcelas susceptibles de riego con uso: 123,438910 €/ha.

Tarifa de aplicación:

Parcelas susceptibles de riego sin uso: 82,559771 €/ha.

Parcelas susceptibles de riego con uso: 122,098652 €/ha.

La Secretaría General procederá a la emisión de las correspondientes liquidaciones que serán notificadas a cada uno de los afectados, sin perjuicio de publicar esta resolución en los mismos boletines oficiales en los que se publicó el estudio económico.

El importe resultante de todas las liquidaciones será objeto de incremento del 4% en concepto de tasa por explotación de obras y servicios, convalidada por Decreto 138/1960, de 4 de febrero (BOE del 5 de febrero de 1960).

El presidente. Fdo.: José Antonio Quiroga Díaz.

Documento firmado electrónicamente.

R. 3.032

IV. ENTIDADES LOCAIS

IV. ENTIDADES LOCALES

Allariz

Corrección de erros

Logo advertir un erro material e involuntario no edicto publicado polo Concello de Allariz no Boletín Oficial da Provincia núm. 267, do 20 de novembro de 2021, procédese á súa corrección:

Na páxina 10, onde di:

Aprobación definitiva da modificación da Ordenanza reguladora da venda ambulante do Concello de Allariz

Debe dicir:

Aprobación definitiva da Ordenanza reguladora da venda ambulante do Concello de Allariz.

Allariz, 22 de novembro de 2021. A alcaldesa.

Asdo.: María Cristina Cid Fernández.

Documento asinado electronicamente.

Corrección de errores

Una vez advertido un error material e involuntario en el edicto publicado por el Ayuntamiento de Allariz en el Boletín Oficial de la Provincia núm. 267, del 20 de noviembre de 2021, se procede a su corrección:

En la página 10, donde dice:

Aprobación definitiva de la modificación de la Ordenanza Reguladora de la Venta Ambulante del Ayuntamiento de Allariz

Debe decir:

Aprobación definitiva de la Ordenanza Reguladora de la Venta Ambulante del Ayuntamiento de Allariz.

Allariz, 22 de noviembre de 2021. La alcaldesa.

Fdo.: María Cristina Cid Fernández.

Documento firmado electrónicamente.

R. 3.054

Baltar

Convocatoria para a contratación laboral temporal que se indica a continuación, segundo as bases aprobadas por resolución da Alcaldía no expediente 347/2021:

1.- Número e denominación: un/unha traballador/a social, xornada a tempo completo.

2.- Modalidade de contratación: contrato laboral temporal para obra ou servizo determinado. (Proxecto anual 2022 prestación do servizo social comunitario do Concello de Baltar).

3.- Duración do contrato: ata 31/12/2022.

4.- Sistema de selección: concurso de valoración de méritos.

5.- Lugar e prazo de presentación de instancias: 3 días hábiles contados dende o seguinte ao da publicación deste anuncio no BOP, no Rexistro do concello ou por calquera dos medios admitidos en dereito.

6.- Exposición das bases: o texto completo das bases de selección están publicadas no taboleiro de anuncios do concello e na sede electrónica municipal; <http://baltar.sedelectronica.gal>

O alcalde. Asdo.: José Antonio Feijóo Alonso.

Convocatoria para la contratación laboral temporal que se indica a continuación, según las bases aprobadas por resolución de Alcaldía en el expediente 347/2021:

1.- Número y denominación: un/a trabajador/a social, jornada a tiempo completo.

2.- Modalidad de contratación: contrato laboral temporal para obra o servicio determinado (Proyecto anual 2021 prestación servicio social comunitario del Ayuntamiento de Baltar).

3.- Duración del contrato: hasta 31/12/2022.

4.- Sistema de selección: concurso de valoración de méritos.

5.- Lugar y plazo de presentación de instancias: 3 días hábiles contados desde el siguiente al de la publicación de este anuncio en el BOP, en el Registro del ayuntamiento o por cualquiera de los medios admitidos en derecho.

6.- Exposición de las bases: el texto completo de las bases de selección está publicado en el tablón de anuncios del ayuntamiento y en la sede electrónica municipal;

<http://baltar.sedelectronica.gal>

El alcalde. Fdo.: José Antonio Feijóo Alonso.

R. 3.059

O Barco de Valdeorras

O Pleno do concello, na sesión ordinaria do 2 de setembro de 2021, aprobou inicialmente o Regulamento de funcionamento das Escolas Deportivas Municipais do Concello do Barco de



Valdeorras e someteu o texto do regulamento a información pública e audiencia ás persoas interesadas, mediante anuncios no taboleiro de anuncios do concello e no Boletín Oficial da Provincia de Ourense (BOP núm. 217, do 20 de setembro), por un prazo de 30 días, para presentar reclamacións e suxestións.

Ao non se presentaren reclamacións nin suxestións, de conformidade co artigo 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o acordo enténdese definitivamente aprobado e realízase a súa publicación íntegra, conforme ao artigo 70.2 do mesmo corpo legal, para os efectos da súa entrada en vigor:

Regulamento de funcionamento das Escolas Deportivas Municipais do Concello do Barco de Valdeorras

Exposición de motivos

1. O concello presta, desde o ano 2007, o servizo das Escolas Deportivas Municipais en réxime de xestión indirecta.

Entre as actuacións necesarias e previas a unha nova licitación dun contrato eventual de xestión de tal servizo atópase, como primeiro paso, o establecemento do réxime xurídico do servizo, de xeito que declare expresamente que a actividade de que se trata queda asumida pola Administración respectiva coma propia dela, determine o alcance das prestacións en favor da cidadanía e regule os aspectos de carácter xurídico, económico e administrativo relativos á prestación do servizo (artigo 284 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo y do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014). Axústase, polo tanto, este regulamento ao principio de necesidade.

2. A base xurídica da elaboración e aprobación, no seu caso, do regulamento do servizo en cuestión, atopa o seu antecedente, en primeiro lugar, na autonomía municipal acuñada pola nosa Carta Magna no seu artigo 137 e pola Carta Europea de Autonomía Local, en relación coas colectividadeas que establecen os artigos 140 e 141 da nosa Constitución.

A promoción dos servizos deportivos reconécese na Constitución española como un principio reitor da política social e económica, ao establecer o artigo 43.3 que: “Os poderes públicos fomentarán a educación sanitaria, a educación física e o deporte. Así mesmo, facilitarán a adecuada utilización do ocio”.

O preámbulo da Lei 10/1990, do 15 de outubro, do deporte, sinala que: “O deporte constitúese como un elemento fundamental do sistema educativo e a súa práctica é importante no mantemento da saúde e, por tanto, é un factor corrector de desequilibrios sociais que contribúe ao desenvolvemento da igualdade entre os cidadáns, crea hábitos favorecedores da inserción social e, así mesmo, a súa práctica en equipo fomenta a solidariedade. Todo isto conforma o deporte como determinante da calidade de vida e a utilización activa e participativa do tempo de ocio na sociedade contemporánea.”

A promoción do deporte e a promoción de instalacións deportivas constitúe unha competencia especificamente atribuída aos municipios, de acordo co artigo 25.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, que, no seu texto vixente na data, sinala textualmente que “(...) O municipio exercerá en todo caso como competencias propias nos termos e a lexislación do Estado e das comunidades autónomas, nas seguintes materias (...) l) Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre.”

Consonte ao artigo 8 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia:

“Os municipios, nos termos que dispón esta lei, a lexislación de réxime local e a lexislación sectorial do Estado exercerán,

no seu correspondente ámbito territorial as seguintes competencias:

1. Fomentar, promover e difundir o deporte, especialmente o deporte en idade escolar.

2. Promover e, de ser o caso, executar, no ámbito da súa competencia, os programas xerais do deporte, mediante a coordinación coa Administración autonómica, así como coa colaboración con outros entes locais, federacións deportivas galegas ou outras asociacións deportivas.

3. Construír, xestionar, ampliar e manter as instalacións deportivas de titularidade municipal e, de ser o caso, a xestión e o mantemento das de titularidade autonómica cuxo uso e cuxa xestión lles sexan cedidos, tendo en conta a cualificación adecuada do persoal responsable para esas finalidades.

4. Velar pola plena utilización das instalacións deportivas da súa titularidade, procurar a participación das asociacións deportivas do seu ámbito municipal na optimización do seu uso e coidar as súas condicións de hixiene e seguridade (...).

9. Calquera outra actuación que vaia en beneficio do desenvolvemento deportivo local ou que lles poida ser atribuída legal ou regulamentariamente e que contribúa aos fins ou obxectivos desta lei.

10. Os concellos de máis de 5.000 habitantes contarán cunha área de deportes, que poderá ser mancomunada, para contribuír a achegarlle a actividade físico-deportiva a toda a cidadanía e garantir o pleno aproveitamento social das instalacións”.

O réxime económico-financeiro do servizo está establecido esencialmente na Ordenanza fiscal do Concello do Barco de Valdeorras reguladora da taxa pola prestación de servizos en piscinas, instalacións deportivas e outros servizos análogos (publicada no BOP de Ourense 211, do 17 de setembro de 2011, e con modificación publicada no BOP de Ourense 187, do 16 de agosto de 2012).

O principio de seguridade xurídica, e a súa realización efectiva, fan conveniente a plasmación dos extremos arriba referidos nun instrumento normativo coma un regulamento. A lexislación vixente esixe que, para conseguir os obxectivos que se perseguen, se leve a cabo a aprobación dun regulamento do servizo, polo que non se encontran alternativas á regulación regulamentaria.

3. A redacción desta regulación municipal busca simplificar e reducir trámites, en aplicación do principio de eficiencia. Esta iniciativa normativa pretende evitar as cargas administrativas innecesarias ou accesorias e racionalizar, na súa aplicación, a xestión dos recursos públicos.

4. Levouse a cabo a tramitación preceptiva en materia de transparencia: publicidade e informacións públicas previas esixidas pola Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e cumprírase durante o procedemento para a aprobación desta modificación coas esixencias do artigo 7 da Lei 19/1013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

5. O instrumento normativo que se pretende aprobar responde ao principio de proporcionalidade evitando unha regulación excesiva que dificulte o acceso ao servizo e establecendo un réxime sancionador claro e sinxelo.

Capítulo I. Obxecto

Artigo 1

É obxecto do presente regulamento regular o servizo de Escolas Deportivas Municipais prestado no Concello do Barco de Valdeorras, ben sexa directamente a través dos seus propios servizos ou, no seu caso, mediante un terceiro, por calquera das modalidades que recolle a normativa de réxime local e/ou



de contratos do sector público. Teñen a condición de Escolas Deportivas Municipais, ademais das que xa veñen funcionando (Escolas Deportivas Municipais dirixidas a adultos/as: ximnasia de mantemento, ximnasia aeróbica, pilates, ioga, adestramento funcional, baile; Escolas Deportivas Municipais dirixidas a nenos/as: zumba, ximnasia rítmica, ballet) todas aquelas que con este carácter acorde constituíu o órgano competente, de acordo coa normativa de réxime local.

Declárase de forma expresa que a actividade das Escolas Deportivas Municipais queda asumida polo Concello do Barco de Valdeorras como propia.

Capítulo II. Definición do servizo

Artigo 2. As Escolas Deportivas Municipais do Concello do Barco de Valdeorras son un servizo público que ten por finalidade xeral ofrecerlle á poboación do municipio unha formación práctica nas diferentes modalidades deportivas nas que se artele a oferta de escolas deportivas.

Artigo 3. As Escolas Deportivas Municipais, nas súas diferentes modalidades, non pretenden a instrución físico-deportiva nin tampouco teñen como obxectivo lograr éxitos deportivos, senón que a pretensión é conseguir, a través do exercicio físico e a práctica do deporte, os seguintes obxectivos: -Que a poboación realice actividade física e mellore a súa condición física para evitar así o sedentarismo, con todos os beneficios que supón a dita actividade física. -Converter a práctica deportiva e as condutas saudables asociadas ao deporte en hábitos que perduren ao longo da vida. -Integrar a poboación nun contorno deportivo próximo ao seu lugar de residencia ao fomentar as relacións sociais. -Formar axeitadamente a poboación en hábitos, valores e actitudes beneficiosos tanto para o seu desenvolvemento físico como persoal, tales como o esforzo, compañeirismo, responsabilidade ou disciplina.

Capítulo III. Usuarios/as

Artículo 4. Beneficiarios/as

Poderá ser beneficiaria do servizo de Escolas Deportivas a poboación infantil e adulta con idades desde os catro anos cumpridos en adiante.

Artigo 5. Dereitos dos/as usuarios/as

1. Os/as usuarios/as do servizo teñen dereito a recibiren a prestación do servizo público local de Escolas Deportivas Municipais, nas diferentes modalidades existentes, coma naquelas outras que poidan crearse no futuro, en réxime de igualdade e de acordo co que establecen este regulamento e a demais normativa de aplicación, partindo das sesións programadas de aprendizaxe deportiva e da utilización de instalacións deportivas municipais.

2. O material docente necesario será achegado polo concello ou, no seu caso, pola empresa adxudicataria do contrato que xestione o servizo, a excepción daquel material máis persoal (como, por exemplo, as esteiras e outros elementos que se determinen na organización de cada escola), que deberá ser achegado por cada usuario/a. Nos folletos anunciadores que se editen para publicitar cada curso, indicárase que material deberá achegar o/a usuario/a.

Artigo 6. Deberes dos/as usuarios/as

1. Os/as que resulten admitidos/as deberán asistir puntualmente ás sesións. Se non se puidese asistir, tal circunstancia deberá comunicarse por escrito e con antelación suficiente ao/á monitor/a correspondente.

2. Do mesmo xeito, deberá observarse boa conduta con educación e respecto cara ao resto do alumnado, monitores/as e espectadores/as.

3. Deberá coidarse coa debida dilixencia o material deportivo que poña á disposición o concello para desenvolver as sesións.

4. Deberán cumprir as normas establecidas por este concello para o acceso e uso das instalacións nas que se imparten estas actividades, así como a normativa e os protocolos sanitarios e de hixiene vixentes a cada momento..

Capítulo IV. Xestión do servizo

Artigo 7. As Escolas Deportivas Municipais poderán xestionarse, tras o acordo previo do órgano competente, en calquera das formas que establece a lexislación de réxime local. Se a xestión a realizase unha empresa ou entidade privada, quen resulte adxudicatario/a do servizo axustará os seus obxectivos, programas, persoal, medios e actividades ao contido do presente regulamento, así como ao regulamentado nos pregos que sirvan de base ao contrato.

Artigo 8

1. Con carácter anual, exporase ao público mediante bandos municipais, anuncios no taboleiro de edictos do concello ou, no seu caso, a través de calquera outro medio que se considere axeitado, a apertura do prazo para solicitar a inscrición nas diferentes Escolas Deportivas Municipais.

2. As matriculacións realizaranse na oficina habilitada para tal tarefa en cada curso (a localización desta oficina comunicárase na publicidade que se edite para cada curso) no modelo normalizado aprobado para o efecto ou, no seu caso, se así se acordase, no lugar indicado pola empresa adxudicataria do servizo dentro do prazo estipulado no anuncio correspondente. A admisión de alumnos/as farase por rigorosa orde de inscrición.

3. O procedemento que se seguirá para as matrículas basearase nos seguintes principios:

Cada escola deportiva terá un máximo e un mínimo de alumnos/as matriculados/as:

Número máximo: cada modalidade terá un número máximo de alumnos/as e a asignación das prazas de cada unha destas actividades realizarase do seguinte modo:

- Por rigorosa orde de entrada da solicitude de praza e xustificante de pagamento da taxa na oficina de matrículas.

- Todas as persoas que non realicen este trámite correctamente e en prazo non serán consideradas como matriculadas.

- Non se reservarán prazas.

- A asignación de tales prazas dependerá exclusivamente do momento en que se presenten os dous documentos indicados.

- Cando se entregue a solicitude de praza e a taxa pagada na oficina, informárase o/a usuario/a inmediatamente da súa condición de admitido/a.

Número mínimo: cada modalidade de escola terá tamén un número mínimo de alumnos/as para que o grupo saia adiante e poida realizarse. De non se acadar o número mínimo, e quedar descuberto ese grupo ou modalidade, comunicárase ao/a matriculado/a para que decida unha destas dúas opcións: 1) traspasar a súa matrícula a outro grupo ou modalidade, sempre que exista praza libre 2) anular a súa matrícula tramitando a devolución.

O comezo do prazo de inscrición dos/as usuarios/as establecerase en cada período de funcionamento das escolas deportivas e publicitarase axeitadamente polos medios indicados no artigo 8.1 deste regulamento: de xeito indicativo, procurarase que coincida arredor do inicio do mes de setembro e que permaneza activo até a fin do mes de outubro de cada curso. Desde ese día ata que finalice cada curso, a oficina mencionada no artigo 8.2 deste regulamento estará aberta, durante os días e no horario que se indique en cada comezo de curso, para atender as novas inscricións e dúbidas que poidan xurdir ao longo do curso.

4. O número de sesións semanais de cada escola deportiva municipal, sen prexuízo das variacións que poidan proceder en

cada curso, e que serán axeitadamente publicitadas, será ordinarariamente de dúas, que non poderán ser impartidas no mesmo día. A duración de cada unha destas sesións será dun mínimo de 60 minutos e non se poderá reducir o tempo de duración en ningunha modalidade. As actividades desenvolveranse, para o caso das escolas deportivas destinadas a persoas usuarias en idade escolar, fóra da xornada educativa, e finalizarán como moi tarde ás 20.00 horas (sen prexuízo dos axustes necesarios que poidan proceder en cada convocatoria, que serán axeitadamente publicitadas).

5. Se na documentación presentada xunto coa solicitude de inscrición se observaren omisións ou algunha incorrección, requiriráselle á persoa interesada que emende, no prazo de dez días, que se computarán dende a notificación do requirimento, coa advertencia expresa de que, se non o corrixe en prazo, terase por decaída no seu dereito e arquivarase o expediente, tras unha resolución previa ditada para o efecto.

6. As clases, con carácter xeral e sen prexuízo das concrecións que procedan en cada período, iniciaranse arredor do comezo de outubro de cada ano e (sen prexuízo de observar o réxime de festas laborais oficiais) terán os mesmos períodos vacacionais cós sinalados pola Consellaría da Xunta de Galicia competente en materia de Educación para os centros de educación infantil e primaria. As clases concluirán, tamén con carácter xeral e sen prexuízo das concrecións que procedan en cada período, arredor do 15 de xuño (agás as actividades deportivas de verán que se poidan organizar cada ano).

Capítulo V. Réxime económico e financeiro

Artigo 9

1. O servizo das Escolas Deportivas Municipais financiarase coas tarifas que se perciban directamente dos/as usuarios/as, pola achega económica do concello que se estableza, así como por calquera doutros ingresos de dereito público ou privado que se obteñan.

Capítulo VI. Réxime sancionador

Artigo 10. Infraccións

Poderán ser sancionadas as persoas que cometan as infraccións tipificadas nos apartados seguintes deste artigo.

1. Serán infraccións moi graves:

a) Unha perturbación relevante da convivencia que afecte de maneira grave, inmediata e directa á tranquilidade ou ao exercicio de dereitos lexítimos doutras persoas, ao desenvolvemento normal de actividades de toda clase conformes coa normativa aplicable ou á salubridade ou ornato públicos, sempre que se trate de condutas non subsumibles nos tipos que establece o capítulo IV da Lei 1/1992, do 21 de febreiro, de protección da seguridade cidadá. Neste tipo, inclúese:

- O tráfico ou consumo de sustancias estupefacientes nas instalacións.

- Realización de actos deshonestos nas instalacións onde se preste o servizo.

- Realizar malos tratos de palabra e/ou obra ao persoal das instalacións e responsables destas.

- Promover ou participar en liortas con calquera persoa nas instalacións.

- Utilizar medios de gravación de imaxe ou son dentro das instalacións, agás autorización expresa do xestor do servizo. Esta autorización en ningún caso afectará ás zonas de vestiarios e aseos.

b) O impedimento ou a grave e relevante obstrución ao funcionamento normal do servizo público. Entenderase por impedimento aquel comportamento ou actuación que esixa ou do que se derive o peche temporal das instalacións, aínda cando soamente sexa por breve espazo de tempo. Por grave e relevan-

te obstrución entenderase aquela actuación ou comportamento do que se derive a cancelación dalgunha das actividades programadas nas instalacións e que non esixa o peche temporal destas, así como os supostos nos que o usuario se negue a abandonar as instalacións á hora do peche ou cando sexa cominado polo persoal que presta servizo nas instalacións para abandonalas e non lle obedeza ao dito persoal, casos en que será preciso solicitar o auxilio dos corpos e forzas de seguridade do Estado.

c) O impedimento do uso das instalacións por outra ou outras persoas con dereito á súa utilización.

d) Os actos de deterioración grave e relevante das instalacións, equipamentos, infraestruturas e os seus elementos, sexan sobre mobles ou sobre o inmovible, non derivados de alteracións da seguridade cidadá. Para estes efectos enténdese por acto de deterioración grave e relevante calquera deterioración cuxa reparación ou reposición sexa valorada nun importe igual ou superior a 3.000 euros.

e) A reincidencia, por comisión no termo dun ano de máis dunha infracción grave cando así fose declarado por resolución firme en vía administrativa.

2. Serán infraccións graves:

a) A perturbación ocasionada na tranquilidade ou no exercicio pacífico dos dereitos doutras persoas ou actividades non tipificadas como falta moi grave nin leve.

b) A perturbación causada á salubridade ou ornato públicos por introducir e consumir bebidas alcohólicas ou fumar nas instalacións, utilizar o vestiario reservado a outro sexo (sen prexuízo do que estableza a normativa vixente en cada momento en relación coas persoas transexuais e intersexuais) e aquelas perturbacións na salubridade ou ornato públicos non tipificadas como falta moi grave ou leve.

c) Perturbación ocasionada no uso do servizo ou do espazo público por parte das persoas con dereito a utilizalos por negativa a exhibir o documento de identificación específica ou o documento que lle permita a entrada nas instalacións ao persoal de control cando sexa requirido, por facilitar o acceso a persoas sen dereito a acceder á instalación, realizar actividades fóra do horario específico, non atender as indicacións e ordes dadas polas persoas responsables do servizo ou calquera perturbación ocasionada no uso do servizo público por parte das persoas con dereito a utilizalos que non estea tipificada como falta moi grave ou leve.

d) Perturbación ocasionada no funcionamento normal dun servizo público non tipificada como falta moi grave ou leve, así como a entrada na instalación sen a obrigada presentación e control do documento de identificación ou documento que permita a entrada nas instalacións ou acceder ás actividades específicas sen aboar a contía que corresponda.

e) Danos ocasionados aos equipamentos, infraestruturas, instalacións ou elementos do espazo e servizo público cando a reparación ou reposición sexa valorada nun importe igual ou superior aos 1.500 euros e inferior aos 3.000 euros.

f) A reincidencia, por comisión no termo dun ano de máis dunha infracción leve cando así fose declarado por resolución firme en vía administrativa.

3. Serán infraccións leves:

1. Calquera incumprimento das previsións desta norma que non teña a cualificación de grave ou moi grave, e de forma especial:

- A perturbación ocasionada na tranquilidade ou no exercicio pacífico dos dereitos doutras persoas ou actividades non tipificada como falta moi grave nin grave.

- A perturbación causada á salubridade ou ornato públicos non tipificada como moi grave ou grave.



- A perturbación ocasionada no uso dun servizo ou dun espazo público por parte das persoas con dereito a utilizalos non tipificada como moi grave ou grave.

- A perturbación ocasionada no funcionamento normal dun servizo público non tipificada como moi grave ou grave.

- Os danos ocasionados aos equipamentos, infraestruturas, instalacións ou elementos dun servizo ou dun espazo público non tipificada como moi grave ou grave.

Artigo 11. Prescrición das infraccións

As infraccións moi graves prescribirán aos tres anos, as graves aos dous anos e as leves aos seis meses; as sancións impostas por faltas moi graves prescribirán aos tres anos, as impostas por faltas graves aos dous anos e as impostas por faltas leves ao ano.

Artigo 12. Sancións

Pola comisión de infraccións moi graves: até 3.000 euros.

Pola comisión de infraccións graves: até 1.500 euros.

Pola comisión de infraccións leves: até 750 euros.

Artigo 13. Procedemento sancionador

A imposición de sancións efectuarase mediante un expediente administrativo no que, en todo caso, de lle dará audiencia ao/á interesado/a antes de ditarse o acordo que corresponda.

O expediente iniciaráo o órgano municipal competente, como consecuencia da denuncia presentada por calquera usuario/a ou polo persoal encargado das instalacións ante a dirección destas, que emitirá un informe ao respecto.

As sancións por infraccións serán impostas polo órgano competente da Administración municipal.

O procedemento sancionador será o que establece a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e respectará os principios contidos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, ou pola normativa na materia que poida substituír a indicada e que se atope vixente en cada momento.

Artigo 14. Recursos

Contra a sanción imposta e sen prexuízo das accións civís ou penais que puidesen corresponder, poderán interporse as reclamacións ou recursos oportunos, conforme o que establece a lexislación aplicable.

Capítulo VII. Dirección, inspección e vixilancia

Artigo 15

1. A dirección, inspección e vixilancia do servizo público das Escolas Deportivas Municipais, nas súas diferentes modalidades, correrá a cargo da Alcaldía ou da concellaría delegada de área na que se inclúan os Deportes.

Disposición derogatoria

Coa entrada en vigor deste regulamento quedan derogadas cantas ordenanzas ou regulamentos do Concello do Barco de Valdeorras se opoñan a este regulamento.

Disposición final

Este regulamento entrará en vigor, conforme o que dispón o artigo 70.2 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, logo da súa publicación completa no BOP de Ourense e do transcurso do prazo que establece o artigo 65.2 da devandita lei e permanecerá vixente ata a súa modificación ou derogación expresa.

Contra o presente acordo, poderá interpoñerse un recurso contencioso-administrativo, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, que contarán desde o día seguinte ao de publicarse este anuncio, de conformidade cos artigos 10.1 b) e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa.

O Barco de Valdeorras, 8 de novembro de 2021. O alcalde.

Asdo.: Alfredo L. García Rodríguez.

El Pleno del ayuntamiento, en la sesión ordinaria de 2 de septiembre de 2021, aprobó inicialmente el Reglamento de Funcionamiento de las Escuelas Deportivas Municipales del Ayuntamiento de O Barco de Valdeorras y sometió el texto del reglamento a información pública y audiencia a las personas interesadas mediante anuncios en el tablón de anuncios del ayuntamiento y en el Boletín Oficial de la Provincia de Ourense (BOP núm. 217, de 20 de septiembre), por plazo de 30 días, para presentar reclamaciones y sugerencias.

Al no haberse presentado reclamaciones o sugerencias, de conformidad con el artículo 49 de la Ley 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases del Régimen Local, el acuerdo se entiende definitivamente aprobado y se realiza su publicación íntegra, conforme al artículo 70.2 del mismo cuerpo legal, para los efectos de su entrada en vigor.

Reglamento de funcionamiento de las Escuelas Deportivas Municipales del Ayuntamiento de O Barco de Valdeorras
Exposición de motivos

1. El ayuntamiento presta, desde el año 2007, el servicio de las Escuelas Deportivas Municipales en régimen de gestión indirecta.

Entre las actuaciones necesarias y previas a una nueva licitación de un contrato eventual de gestión de tal servicio se encuentra, como primer paso, el establecimiento del régimen jurídico del servicio, de forma que declare expresamente que la actividad de que se trata queda asumida por la Administración respectiva como propia de ésta, determine el alcance de las prestaciones en favor de la ciudadanía y regule los aspectos de carácter jurídico, económico y administrativo relativos a la prestación del servicio (artículo 284 de la Ley 9/2017, de 8 de noviembre, de Contratos del Sector Público, por la que se transponen al ordenamiento jurídico español las directivas del Parlamento Europeo y del Consejo 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febrero de 2014). Se ajusta, por tanto, este reglamento al principio de necesidad.

2. La base jurídica de la elaboración y aprobación, en su caso, del reglamento del servicio en cuestión encuentra su antecedente, en primer lugar en la autonomía municipal acuñada por nuestra Carta Magna en su artículo 137 y por la Carta Europea de Autonomía Local, en relación con las colectividades que establecen los artículos 140 y 141 de nuestra Constitución.

La promoción de los servicios deportivos se reconoce en la Constitución española como un principio rector de la política social y económica, al establecer el artículo 43.3 que: “Los poderes públicos fomentarán la educación sanitaria, la educación física y el deporte. Asimismo, facilitarán la adecuada utilización del ocio”.

El preámbulo de la Ley 10/1990, de 15 de octubre, del Deporte, señala que: “El deporte se constituye como un elemento fundamental del sistema educativo y su práctica es importante en el mantenimiento de la salud y, por tanto, es un factor corrector de desequilibrios sociales que contribuye al desarrollo de la igualdad entre los ciudadanos, crea hábitos favorecedores de la inserción social y, asimismo, su práctica en equipo fomenta la solidaridad. Todo esto conforma el deporte como determinante de la calidad de vida y la utilización activa y participativa del tiempo de ocio en la sociedad contemporánea”.

La promoción del deporte y la promoción de instalaciones deportivas constituye una competencia específicamente atribuida a los municipios, de acuerdo con el artículo 25.2 de la Ley 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases del Régimen Local, que, en su texto vigente en la fecha, señala textualmente que “(...) El municipio ejercerá en todo caso como compe-

tencias propias en los términos y la legislación del Estado y de las comunidades autónomas, en las siguientes materias (...) l) Promoción del deporte e instalaciones deportivas y de ocupación del tiempo libre”.

Según el artículo 8 de la Ley 3/2012, de 2 de abril, del Deporte de Galicia:

“Los municipios, en los términos que dispone esta ley, la legislación de régimen local y la legislación sectorial del Estado ejercerán en su correspondiente ámbito territorial las siguientes competencias:

1. Fomentar, promover y difundir el deporte, especialmente el deporte en edad escolar.

2. Promover y, de ser el caso, ejecutar, en el ámbito de su competencia, los programas generales del deporte, mediante la coordinación con la Administración autonómica, así como con la colaboración con otros entes locales, federaciones deportivas gallegas u otras asociaciones deportivas.

3. Construir, gestionar, ampliar y mantener las instalaciones deportivas de titularidad municipal y, de ser el caso, la gestión y el mantenimiento de las de titularidad autonómica cuyo uso y cuya gestión les sean cedidos, teniendo en cuenta la cualificación adecuada del personal responsable para esas finalidades.

4. Velar por la plena utilización de las instalaciones deportivas de su titularidad, procurar la participación de las asociaciones deportivas de su ámbito municipal en la optimización de su uso y cuidar sus condiciones de higiene y seguridad (...).

9. Cualquier otra actuación que vaya en beneficio del desarrollo deportivo local o que les pueda ser atribuida legal o reglamentariamente y que contribuya a los fines u objetivos de esta ley.

10. Los ayuntamientos de más de 5.000 habitantes contarán con un área de deportes, que podrá ser mancomunada, para contribuir a acercar la actividad físico-deportiva a toda la ciudadanía y garantizar el aprovechamiento social pleno de las instalaciones”.

El régimen económico-financiero del servicio está establecido esencialmente en la Ordenanza Fiscal del Ayuntamiento de O Barco de Valdeorras Reguladora de la Tasa por la Prestación de Servicios en Piscinas, Instalaciones Deportivas y otros Servicios Análogos (publicada en el BOP de Ourense 211, de 17 de septiembre de 2011, y con modificación publicada en el BOP de Ourense 187, de 16 de agosto de 2012).

